

MEMORIA de ERASMUS +

-Modalidade k1-

Abril 2023- COIMBRA- PORTUGAL

CIFP ANXEL CASAL MONTE ALTO- A CORUÑA

CURSO 2022-2023

M^a EMMA TEIXEIRA LÓPEZ- SERVIZOS Á COMUNIDADE

CICLO FOMATIVO DE GRAO SUPERIOR EN INTEGRACIÓN SOCIAL

1.DATOS XERAIS

Este documento é a memoria da estadía de prácticas de profesorado dentro da categoría Erasmus + K1 no CIFP Anxel Casal da Coruña.

Tratouse dunha estadía de 3 días na cidade de Coimbra en Portugal nunha entidade social con áreas de traballo dentro de poboacións vulnerables e relacionado con estruturas de emprego protexido, todo directamente relacionado co Ciclo Superior en Integración Social.

A estadía foi realizada no mes de abril de 2023 dentro deste curso académico 2022-23.

2. INFORMACIÓN PERSOAL e DATOS E TRABALLO DA ENTIDADE

DATOS DA DOCENTE:

Nome e apelidos: M^a Emma Teixeira López

Corpo e/ou especialidade: Profesorado Técnico Servizos á Comunidade

Correo electrónico: emma.teixeira@edu.xunta.gal

DATOS DA ENTIDADE:

Nome da entidade: Equipa Micaela: Equipa de Intervención Social. Fundação Madre Sacramento.

Enderezo: Av. Fernão de Magalhães 136 3º Z, 3000-171

Correo electrónico: equipa@fmsacramento.pt

Localidade: Coimbra

País de acollida: Portugal

Persoa de contacto/titora: M^a Martinha Silva

Calendario de prácticas: 26,27 e 28 de abril de 2023.

Horario de prácticas: de 9:30 a 14:30 (5 horas diarias).

2.1. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA INSTITUCIÓN/ENTIDADE:

A Equipa de Intervenção Social MICAELA, pertence a IPSS (Instituições Particulares de Solidariedade Social) da Fundação Madre Sacramento que pertence às Irmãs Adoratrizes . O traballo da entidade seguindo o modelo de visión, misión e valores e principios é a seguinte:

Misión:

A misión da entidade consiste en promover a calidade de vida, o empoderamento e a cidadanía a través da inserción social e laboral das persoas en situación de vulnerabilidade ou risco social, especialmente a muller en contextos de prostitución

Visión:

Ser unha referencia en Portugal na intervención e na construción de proxectos de vida alternativos á práctica da prostitución

- Persoas: ofrecer intervencións humanizadoras e de calidade
- Colaboradores/a: ser parte dunha Equipa onde as persoas son inspiradas para dar o mellor de sí mesmas.
- Colaboracións/parcerías: incentivar unha rede solidaria de contactos e colaboracións con vistas a un crecemento sustentable.
- Comunidade: sensibilizar nas dificultades e causas da prostitución e sensibilizar para a participación activa da comunidade na súa resolución.

Valores e principios:

Acollemento das persoas e compromiso no seu proceso de cambio, dende unha ótica de protagonista da súa propia historia, coñecendo a súa individualidade, respectando a súa liberdade e promovendo a súa dignidade.

- Garantir a confidencialidade e crear relación de proximidade, dotadas de empatía
- Defender os dereitos humanos presentes na Declaración Universal.
- Adoptar criterios de xestión e de intervención técnica que sexan de calidade e rigor.
- Promover o emprendemento que posibilite a inclusión pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Desenvolver estratexias e acción que contribúan ao empoderamento, e que posibiliten a autonomía e o exercicio pleno da cidadanía.

2.2. PERSOAS DESTINATARIAS DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN:

Persoas en situación de prostitución- especialmente mulleres - que exercen esta práctica nas rúas, estradas, parques, pensións, apartamentos e en bares/ casas de alterne.

- Compañeiros/as e fillos/as das persoas que se prostitúen, e outras persoas do contexto familiar.
- Mulleres en situación de vulnerabilidade ou exclusión social.

2.3. ÁMBITO XEOGRÁFICO:

Distrito de Coimbra



Distrito de Coimbra

2.4.OBXECTIVOS

Obxectivos xerais

- Promover a melloría da calidade de vida das persoas en contexto de prostitución – nomeadamente mulleres - e persoas do seu ámbito familiar, posibilitando un novo proxecto de vida e apoiando na construción e xestión do mesmo, a través da atención, acompañamento, derivación e orientación nas áreas: social, psicológica, xudicial, saúde e de emprego

-Promover o cambio de mentalidade e de comportamentos a nivel social, contribuindo na sensibilización en diversos ámbitos de influencia, para incidir sobre as causas estruturais, xeradoras de inxustizas e desigualdades.

Obxectivos específicos

- Promover a melloría da calidade de vida da persoa que se protitúe e a súa familia.
- Incentivar a autoestima e o proceso de integracións social da persoa.
- Promover a regularización de cuestión xudiciais pendentes.
- Derivación e promoción do proceso de regularización de mulleres inmigrantes e os seus fillos e fillas.
- Distribuír material de información e prevención de ETS.
- Denunciar situacións de tráfico de persoas con fins de explotación sexual.
- Promover a integración sociolaboral a través de derivacións para emprego e/ou formación.
- Promover a inclusión social a través da participación en actividades/eventos lúdicos e culturais.
- Implementar accións e sesións de sensibilización á comunidade e a técnicos/as especializados en áreas estratéxicas, na temática da igualdade de xénero, e violencia.

2.5. ACTIVIDADES (ACHEGAMENTO AO MEDIO, ATENCIÓN E ACOMPAÑAMENTO SOCIAL)

I. Achegamento ao medio/ á realidade

- Envío SMS de presentación de de servizos a contactos de anuncios en xornais e páxinas de internet.

“«Somos uma Equipa que acompanha pessoas em contexto de prostituição. Proporcionamos, de forma gratuita e confidencial, acompanhamento social, integração laboral, acompanhamento psicológico, jurídico, de saúde e distribuímos preservativos e outro material gratuitamente. Estamos na Av. Fernão de Magalhães, Nº 136, 3º Z, 3000-171 Coimbra. Liga para marcar o teu atendimento: 917099202 | 927108274 | 239820090, ou se preferires também podemos ir ao seu encontro! Eq. MICAELA.»

- Giros: Rutas a locais onde a persoas exercen a prostitución, proxenetas e xerentes de establecementos, oferta de lanche, presentación de servizos, atención social e de saúde (Distribución de material de información e prevención de ETS., Sesións de información/formación), derivación para o gabinete.

II. Atención/Asesoramento/Acompañamento Social

- **Ámbito social**: Atención/ apoio no acompañamento a fillos/as, visitas de apoio domiciliario, derivación para outros recursos, acompañamento na realización de xestión e documentos, oferta de cursos de lingua portuguesa a estranxeiros, derivación para emprego e formación.

- **Ámbito psicológico:** Acompañamento psicológico e Intervención en situación de crise.
- **Ámbito xurídico:** Asesoramento xurídico.
- **Ámbito de saúde:** Distribución de material de información e prevención de ETS e derivación a centros de saúde e hospitais.

Integración Laboral

- **Estructura de Empleo Protexido (EEP):** plataforma intermedia de integración laboral, formación en contexto de traballo (área da costura, artesanía e limpeza), orientación e inserción no mercado normal de traballo, catividades de grupo usuarios/as.

-Inclusión Social

- Accións de carácter cultural realizadas conjuntamente comusuarios/as e equipa abertas á comunidade
- Participación en investigación-acción
- Accións de sensibilización na comunidade sobre violcncia de xénero, explotación sexual e dereitos humanos.
- Distribución de folletos informativos/campanhas de divulgación
- Participación en conferencias e Workshops.

Espazos de acción

- Sede da Equipa, situado na Avenida Fernão de Magalhães nº 136, 3º Z (Edifício Azul)
- Unidade móvil con capacidade de 9 persoas, adaptada na parte posterior para ser o mais semellante posible a un gabinete de atención.

2.6.EQUIPO DE TRABAJO

A equipa técnica está constituída por unha educadora social (com funcións de dirección técnica), unha psicóloga, unha asistente social (TS) e unha avogada.

Trátase dunha equipa transdisciplinar, com formación nas áreas sociais e humanas, e especializada na loita contra a explotación sexual, o que permite unha visión holística, con diferentes perspectivas sobre as realidades e problemáticas.

3. DESCRIPCIÓN DAS TAREFAS DESENVOLTAS:

- Coñecemento do proxecto a través da explicación das técnicas.
- Coñecemento da documentación utilizada para tender as persoas usuarias.
- Explicación da metodoloxía de traballo e como realizan as derivacións a outros recursos.
- Mostra dos locais de traballo: local do equipo de intervención, tenda de venda de artesanía, taller de traballo, furgoneta para as saídas, etc.
- Información sobre outras entidades que traballan na área da intervención social no distrito de Coímbra.
- Explicación do traballo e os recursos de Lor Jobalán, xestionado pola mesma entidade en Lisboa e que ten como recursos unha casa de acollida para mulleres e crianzas.
- Valoración positiva de próximas alianzas e posibilidade de futuras prácticas de alumnado.

4. VALORACIÓN DA ESTADÍA

A valoración persoal da experiencia supera altamente as expectativas a pesar de que estamos a falar dunha estadía moi curta.

O coñecemento da realidade de traballo no eido social do país veciño penso que é unha débeda pendente, xa que en moitos aspectos estas relacións enriquecen amplamente o traballo aquí realizado tanto nas entidades de ámbitos social como acompaña á formación recibida nos diferentes perfís técnicos que neste centro se imparte.

A lingua portuguesa por ser tan cercana ao galego abre unha porta de emprego aos futuros técnicos/as na área de Servizos á Comunidade e o achegamento de experiencias de intervención social son relativamente sencillas tendo en conta a cercanía xeográfica.

5. DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA

POR PARTE DO CIFP ANXEL CASAL

Difusión da experiencia dirixida a alumnado e profesorado- Mes de maio no CIFP Anxel Casal

DIFUSIÓN POR PARTE DA ENTIDADE EQUIPA MICAELA

Nas súas redes de Difusión:



Equipa "Micaela" - Fundação Madre Sacramento

26 de abril a las 17:30 · 🌐



A Equipa está a receber neste dias a Emma, do Centro Integrado de Formación Profesional Ánxel Casal- Monte Alto, da Corunha - Galiza, com o objetivo de conhecer a nossa intervenção, como um exemplo de boas práticas ao nível de intervenção e integração social e laboral de mulheres em situação de vulnerabilidade à causa da prostituição.

[#fundacaomadresacramento](#) [#equipamicaela](#) [#acuerdodemovilidaderasmus](#)



👍❤️ 36

5 comentarios

👍 Me gusta

💬 Comentar

➦ Compartir